

PLAN DE IGUALDADE



Aprobado no claustro 24/10/2019

Presentada ao Consello Escolar 24/10/2019

Plan de igualdade

Introdúcese no PEC o Plan de Igualdade tal e como se indica na instrucción do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Aprobado no Claustro do día 24 de outubro de 2019 e presentado ao Consello Escolar o mesmo día.

As actividades previstas para este curso escolar están contempladas no Plan de Igualdade.

Introdución

Coeducar é levar á aula, como contidos relevantes, a vida cotiá e as relacións persoais, e introducir a educación en igualdade, así como a educación para a convivencia, co único fin de conseguir unha crítica de todos aqueles aspectos da sociedade que inflúen negativamente no alumnado en relación a este aspecto, describir situacións reais nas que se poña de manifesto a discriminación por razón de sexo; en definitiva sensibilizar á comunidade educativa para propiciar un cambio de actitudes, comportamentos e contidos encamiñados a erradicar o sexismo na sociedade, e polo tanto a violencia de xénero.

Hoxe, máis que nunca, os centros educativos teñen as condicións necesarias para que se produzan estes cambios de mentalidade e actitude, que repercuta en accións positivas que favorezan a igualdade de oportunidades entre sexos.

Por iso, o papel da escola, xunto coa familia é fundamental no proceso de aprendizaxe do alumnado, son os primeiros núcleos socializadores das persoas. Desta forma nos pais e nas nais constitúense importantes modelos de observación e identificación para os seus fillos e para as súas fillas.

Os centros educativos, son espazos moi adecuados para a reflexión individual e colectiva sobre a prevención da violencia, as causas que o producen e as consecuencias que carrega. Pero, o que é máis importante, na escola ao alumnado débese transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os comportamentos de respecto aos demais, o respecto á igualdade e a dignidade das mulleres e a convivencia, sen que teñan cabida as actitudes agresivas nin a violencia.

Este Plan pretende proporcionar ao alumnado e ao profesorado, unha axuda para favorecer a reflexión e a adopción de comportamentos axeitados para a prevención da violencia no contexto educativo e proporcionarlle materiais didácticos para o seu emprego nas actividades de titoría do alumnado, sobre todo en cada un dos niveis de secundaria, sen esquecer que o alumnado de bacharelato tamén pode traballar os contidos adaptándoos aos niveis e características evolutivas do alumnado.

As accións de este Plan estarán encamiñadas á consecución dos obxectivos propostos:

- Nomear unha comisión en materia de igualdade. Escoller a un membro do consello escolar como responsable de Igualdade.

- Emprego e difusión do Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Favorecer unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Planificación de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro e 8 de marzo).

Contextualización normativa e do centro

Aos efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares tomando como base a lei do 25/4/2014, a consellería competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a todas as persoas.

Lexislación vinculada ó plan:

- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral conta a Violencia de Xénero. (Lei integral contra a violencia de xénero).
- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (Lei de igualdade).
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), onde se modifican unha serie de artigos recollidos na lei de Educación de 2006, quedando referidos ó ámbito de igualdade, da seguinte maneira:
 - o Art. 1.- Débese garantir a igualdade de oportunidades para o plano desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, axudando a superar calquera discriminación y a accesibilidade universal á educación, que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.
 - o Art. 1.- O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

- Disposición final segunda.- Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

No noso centro, se traballa a partir de obxectivos coeducativos enmarcados dentro do Plan de convivencia; actividades orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia, en todas as etapas educativas e implicando a todo o claustro.

Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero e coa lgbtifobia.

No noso centro non existen graves problemas relacionados coa igualdade de xénero. O clima do centro é, en xeral, positivo, e o sistema de relacións dentro dos diferentes sectores da comunidade educativa é correcto e respectuoso.

O profesorado manifesta que o comportamento do alumnado, é habitualmente bo e que se atopan a gusto no centro.

Consideramos, dada a súa importancia, abordar este tema de maneira preventiva, para deste xeito prever posibles situacións nas que tanto o alumnado, as familias como o profesorado atopen solucións.

O alumnado concede importancia principalmente a que respecten as súas opinións.

Para tratar esta problemática desenvolveremos unha serie de accións que intervirán na prevención de condutas contrarias ao tema que se aborda neste documento implicando á escola e á familia:

- Non existen problemas relacionados coa igualdade de xénero, sendo as sancións por discriminación por razón de sexo inexistentes na actualidade e nos 3 cursos escolares anteriores.
- A escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos é igualitaria en razón de sexo. Así no 1º Bacharelato de Ciencias temos matriculadas a 11 alumnas e 10 alumnos, no 1º Bacharelato de Letras e Ciencias Sociais temos matriculadas a 18 alumnas e 11 alumnos. No 2º curso de Bacharelato, a situación é lixeiramente diferente: o alumnado feminino mostrou igualdade de interese entre as dúas opcións, namentres que o alumnado masculino tivo unha clara preferencia polo bacharelato de ciencias. Temos matriculadas en 2º de Bacharelato de Ciencias a 15 alumnas e 17 alumnos, e no 2º curso de Bacharelato de Letras e Ciencias Sociais a 14 alumnas e 5 alumnos.
- As necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia. Hai unha lixeira desigualdade, sendo o número de alumnos atendidos maior que o de alumnas (situación inicial para o curso escolar 2020-2021: 11 alumnos e 7alumnas).
- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar). As sancións contrarias as normas de convivencia repártense de forma paritaria entre o alumnado. A diferenza adoita residir no tipo de conduta contraria as normas de convivencia propios de cada grupo. O alumnado masculino adoita incumprir normas de convivencia diferentes as do alumnado feminino.
- Uso por parte das familias e os alumnos de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.). As actividades deportivas no patio están abertas a todo o alumnado do centro pero a participación do alumnado masculino é maioritaria neste caso. No tocante ás artísticas (coro, festival musical, danza, etc..) existe unha clara predominancia feminina na participación

nestas actividades. No ámbito tecnolóxico non se observan grandes diferencias na etapa da ESO, sendo estas máis acusadas con predominancia masculina no Bacharelato.

Obxectivos coeducativos do plan:

Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- a. Educar na igualdade dende a escola.
- b. Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade entre alumnas e alumnos:
- c. Prestar especial atención á eliminación de roles marcados polo xénero (lecturas non sexistas, facer unha análise do papel das mozas nos xogos interactivos, eliminar comentarios como: “non chores coma unha nena”, “pareces un marimacho”)...
- d. Fomentar a participación do alumnado naquelas actividades escolares onde a súa participación sexa minoritaria (Coro, actividades deportivas no recreo, roles no taller de tecnoloxía, na aula de informática, roles na aula, Club de ciencias, Club de letras, Club de lectura, festivais, etc...)
- e. Fomentar as vocacións STEM do alumnado feminino participando en programas e actividades que as promovan.
- f. Impulsar a igualdade entre os sexos dentro da Comunidade Educativa.
- g. Empregar a linguaxe coeducativa.
- h. Favorecer a práctica docente coeducativa no Centro Escolar.
- i. Promover nos nosos alumnos e alumnas valores encamiñados á igualdade de oportunidades.
- j. Educar nos conceptos da igualdade de xénero.
- k. Desmitificar as tarefas femininas e/ou masculinas.
- l. Empregar unha linguaxe non sexista incluíndo a homes e mulleres, en todos os ámbitos ao noso alcance (educativo, administrativo...).

Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- a. Previr a violencia de xénero, favorecendo relacións en equidade.
- b. Detectar as actitudes sexistas que aínda se poidan dar na escola.
- c. Previr a violencia dende o primeiro ciclo da ESO.
- d. Ensinar a resolver os conflitos sen violencia.

Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- a. Educar na empatía.

- b. Tratar de crear un ambiente de aula e centro distendido, nas relacións persoais, favorecendo a comunicación interpersonal e a aceptación das diferenzas mediante situacións que permitan o diálogo.
- c. Educar en igualdade, favorecendo un clima de aula onde se respecten as diversidades afectivo sexuais, traballando por crear aulas libres de homofobia e transfobia.
- d. Traballar por favorecer un clima de aula segura, aberto a diversidade, dende a que se eduque dende a confianza, a responsabilidade e o diálogo.

Prevención, detección e intervención nos casos de LGBTIfobia

- a. Programar actividades no Plan de Acción tutorial para a formación do alumnado e así prever e detectar casos de LGBTIfobia
- b. Programar actividades específicas (charlas, debates, cine, teatro, lecturas...) para prever e detectar casos de LGBTIfobia
- c. Aplicar as sancións contempladas no Plan de Convivencia e as medidas educativas específicas coa finalidade de corrixir condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Organización do centro.

Coa finalidade de favorecer a participación de homes e mulleres nos órganos de decisión, establécese unha comisión de igualdade no centro. O responsable do Plan de Igualdade foi nomeado no CE do día 24 de Outubro 2019.

Presidente	D. Francisco Antonio Rodríguez Rodríguez, Director do centro
Vicepresidenta	Dona Francisca Vega Mondelo, Secretaria.
Alumno	D. Isay Rodríguez Fidalgo
Docente responsable do Plan	D. Rosa Díaz Lama
Nai/pai	Dona María Cleofé Osorio Ruíz

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, das personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades). Ao longo deste curso escolar 2020-2021, o profesorado do centro realizará as modificacións oportunas.

- Realizar actividades de sensibilización na aula. Nas sesións de tutorías.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias ao longo de todo o curso en colaboración coa ANPA do centro.

Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- a) Difundir información a través de actividades no centro, a celebración do “día da muller traballadora” facendo homenaxes ás mulleres e nenas do centro educativo e difundindo actividades relacionadas co tema.
- b) Promover lecturas coeducativas a través das lecturas.
- c) Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real utilizando historias reais que aparezan nos medios de comunicación nas actividades de tutoría e nas diferentes materias.
- d) Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión a través da promoción da práctica de deportes de xeito igualitario entre homes e mulleres (facendo equipos mixtos...etc)
- e) Promover a participación feminina no club de ciencias.
- f) Favorecer as vocacións STEM no alumnado feminino do centro mediante a realización de actividades específicas en todas as clases.
- g) Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional a través das sesións de tutoría.
- h) Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado a través das sesións de tutoría.
- i) Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas,etc. A través de formación de campionatos e festivais, científicos, artísticos e deportivos mixtos.
- j) Suxerir o emprego de cancións para as actuacións que non conteñan mensaxes sexistas.
- k) Realizar unha análise nas diferentes etapas para coñecer de primeira man as ideas previas que ten o alumnado en relación a este tema a través do PAT.
- l) Aconsellar o uso igualitario de disfraces.
- m) Elaboración de tutorías específicas de igualdade de xénero para as diferentes etapas.

- n) Aprender a diferenciar sentimentos que poidan desembocar en violencia machista (ciumes, envexa,...) así como practicar o autocontrol.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes, a través das normas de convivencia.
- Promover actividades de coidado o medio ambiente: a través de diferentes actividades de concienciación nas titorías ó longo de todo o ano.
- Posta en práctica de metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Fomentar a corresponsabilidade na realización das tarefas, a través de metodoloxía cooperativa entre homes e mulleres. Responsable: Comisión de igualdade

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

- Responsable: Comisión de igualdade
- Actuacións:
 - o A comisión de Igualdade reunirse trimestralmente para valorar as incidencias producidas, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.
 - o Información trimestral ao Consello Escolar da situación de igualdade no centro.
 - o Ao finalizar cada ano académico a comisión de igualdade valorará o grao de consecución das actividades propostas.